



Published on *CEIP López Ferreiro* (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro>)

[Inicio](#) > [Blogues](#) > [blogue de admin1](#) > Magosto 2024

Magosto 2024

Enviado por [admin1](#) [1] o Lun, 11/04/2024 - 16:12

[Curso 24_25](#) [2]

O martes 29 de outubro celebramos o magosto no CEIP Lopez Ferreiro.

Foi unha xornada moi especial no que gozamos dun día solleiro durante toda a mañá, e no que degustamos unhas castañas riquísimas, ao adiantar a celebración. Pero sobre todo foi singular porque este ano recibimos á Asociación Galega de Xogo Popular e Tradicional ([AGXPT](#) [3]).

Grazas as persoas desta asociación, comezamos o día reflexionando sobre a importancia do xogo a calquera idade. Animáronnos a non deixar de xogar nunca!

Despois de degustar as castañas, todo o alumnado do centro puido xogar no Parque Xixón cos xogos tradicionais que nos achegaron: birlos, zancos, sacos, cordas, carrilanas... E ata tivemos demostración de xogadores de chave!

Sen dúbida foi unha xornada inesquecible de convivencia entre o alumnado e o profesorado de todas as aulas.



Feito con Drupal (ver. 6.28)



Proxecto Webs dinámicas

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, 2013

Source URL: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/node/629>

Links:

[1] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/user/56>

[2] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/taxonomy/term/89>

[3] <https://www.agxpt.gal>